

Os artigos que se recollen nesta publicación, en lembranza de Victoriano Taibo, presentan as múltiples facetas da súa figura e constitúen unha achega a unha época histórica.

Esta homenaxe recoñece o seu labor a prol da lingua, da literatura e da cultura galega. Como ensinante foi represaliado por defender os ideais republicanos do ensino laico, progresista e vencellado á realidade galega. Como poeta das Irmandades da Fala foi un gran defensor da lingua galega e mantivo unha relación intensa cos mestres do Rexurdimento. As súas inquedanzas intelectuais e culturais aparecen reflectidas en diferentes artigos publicados na prensa.

A listaxe de escritores galegos absolutamente esquecidos e ignorados é aínda moi longa, visibilizar e recoñecer o seu legado é un labor no que toda a sociedade debe participar. Só a actuación conxunta de institucións e colectivos sociais pode levar adiante a gran tarefa da reconstrución da nosa historia.

A Consellaría de Cultura, a través das liñas de actuación enmarcadas dentro do proxecto da Memoria Histórica, apoia o labor de recuperación da figura de Victoriano Taibo, autor inxustamente esquecido e transmítelle os parabéns ao Instituto de Estudos Miñoranos polo seu traballo a prol da reconstrución da Historia de Galiza.

M^a Xesús López Escudeiro
Delegada provincial de Pontevedra da
Consellaría de Cultura e Deporte

